

CAMPAMENTOS A LANZADA



ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Os “**Campamentos A Lanzada**” ofrécenlles ás nenas e nenos da provincia de Pontevedra nados entre 2012 e 2017 a posibilidade de gozar do seu tempo libre a través de actividades divertidas de carácter educativo, cultural, deportivo e formativo que contribúan ao seu enriquecemento persoal.

Con este programa lúdico e educativo a Deputación de Pontevedra promove que estas e estes menores aumenten a súa motricidade, madurez persoal e sociabilidade; que aprendan a desenvolverse nun medio non habitual e a ocupar o seu tempo libre de xeito construtivo; que adquiran hábitos hixiénicos, alimenticios e de exercicio físico saudables; e que entren en contacto coa natureza e aprendan a respectala.

QUE INCLÚE O CAMPAMENTO?

- **Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, científico e formativo:**
 - Xogos e deportes.
 - Actividades na praia.
 - Actividades ao aire libre relacionadas co medio natural.
 - Actividades artísticas.
 - Actividades científicas.
 - Actividades en lingua inglesa.
 - Actividades nocturnas.
 - Teatro e contacontos.
 - Baile e actividades culturais.
 - Obradoiro para elixir a mascota oficial do campamento.
- **Visitas fóra do recinto do Centro de Vacacións da Lanzada:**
 - Saída á illa de Ons.
 - Saída de carácter cultural, deportiva ou relacionada coa natureza ou co medio.
- **Aloxamento en tendas de campaña no campamento xuvenil.**

- **Manutención en réxime de pensión completa.**
- **Todo o material necesario para as actividades, así como unha camiseta para cada menor.**
- **Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre, náuticas e en lingua inglesa. No caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, dispórase do persoal de apoio necesario adaptado ás súas características.**
- **Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.**

LUGAR DE REALIZACIÓN

As instalacións do Centro de Vacacións da Lanzada, situado na estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove.

<https://www.google.es/maps/place/Centro+Vacacional+A+Lanzada/@42.4588602,-8.8852368,17z/data=!4m2!1m6!3m5!1s0xd2f417502ea12a9:0x698ce419d240ed92!2sCentro+Vacacional+A+Lanzada!8m2!3d42.4588602!4d-8.8830481!3m4!1s0xd2f417502ea12a9:0x698ce419d240ed92!8m2!3d42.4588602!4d-8.8830481>

EQUIPAMENTO DAS INSTALACIÓNS

- Zona de tendas de acampada.
- Bungaló de usos múltiples: enfermería, dirección do campamento...
- Anfiteatro.
- Zona de xogos e deportes.
- Comedor exterior.
- Comedor interior.
- Cociña.
- Baños.